

Desde o activismo LGTBI loitamos pola igualdade real do noso colectivo a través da visibilización, educación e normalización. E unha das ferramentas que nos pode axudar nesta tarefa é a cultura, especialmente o cine.

O cine é unha arte que chega a un público moi amplo e deste xeito facilítanos enormemente a visibilización e normalización da nosa realidade. Nas películas, podemos ser personaxes principais ou secundarios en calquera tipo de historia ou nunha historia de temática.

As persoas lesbianas, gays, trans, bisexuais ou intersexuais vivimos nesta sociedade como calquera cidadán, esteamos fóra ou aínda dentro do armario. Adoítamos pasear pola cidade, comprar no super do barrio, saír de festa, namorarnos, practicar deporte ou ser artistas. Tamén hai persoas LGTBI que atracan bancos, son brokers de bolsa, defenden os máis débiles ou son capaces de unirse á forza rebelde para defender a Galaxia.

A nosa vida pode ser do máis común ou de película.

Fito Ferreiro Seoane
Activista LGTBI+

1, 2 e 3 de novembro de 2018

A SINGLE MAN (UN HOME SOLTEIRO)

Dirección: Tom Ford

Intérpretes: Colin Firth e Julianne Moore

Estados Unidos, 2009 - 102 min (VOS en castelán)

Formato: 35 mm

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 13 ANOS

* NOMEADA AO ÓSCAR 2009: MELLOR ACTOR (COLIN FIRTH)

* 3 NOMEAMENTOS GLOBOS DE OURO 2009: ACTOR DRAMA (FIRTH),
ACTRIZ SECUNDARIA (MOORE), BSO

* PREMIOS BAFTA 2009: MELLOR ACTOR (COLIN FIRTH), NOMEADA A
MELLOR DESEÑO DE VESTIARIO

* FESTIVAL DE VENEZIA 2009: COPA VOLPI MELLOR ACTOR (COLIN
FIRTH), QUEER LION (TOM FORD)

* SATELLITE AWARDS 2009: NOMEADA A MELLOR ACTOR DE DRAMA
(COLIN FIRTH)

* ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS DE LOS ÁNGELES 2009: FINALISTA A
MELLOR ACTOR (FIRTH)

* AMERICAN FILM INSTITUTE (AFI) 2009: TOP 10 - MELLORES PELÍCULAS
DO ANO

Los Ángeles, 1962, crise dos mísiles cubanos. George Falconer, un maduro profesor universitario británico e homosexual, loita por atoparlle sentido á vida tras a morte de Jim (Matthew Goode), o seu compañeiro sentimental. Atopa consolo xunto á súa íntima amiga Charley, que tamén está chea de dúbidas sobre o futuro. Kenny, un estudante que se esforza por aceptar a súa auténtica natureza, axexa a George porque ve nel un espírito afín.

HORARIOS: xoves e venres ás 20:15 h, sábados ás 17:15 e
20:15 h

* Pídese puntualidade, unha vez comezada a proxección non se permitirá o acceso á sala.

ENTRADAS: 3,00 €

(Carné xove, +65 anos, ou persoas desempregadas: 2,00 €)

* É imprescindible achegar o documento que acredite o
desconto no momento de comprar a entrada

SESIÓNS DO/A ESPECTADOR/A: sábados 17:15 h

PREZO ÚNICO: 1,50 €

ABONO DE 5 PELÍCULAS: 12,00 €

VENDA NO DESPACHO DE BILLETES: media hora
antes de cada función (só se quedan entradas
dispoñibles)

VENDA ANTICIPADA: na conserxaría, de luns a venres
de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00
a 13.00 h

8, 9 e 10 de novembro de 2018

TOMBOY



Dirección: Céline Sciamma

Intérpretes: Zoé Héran e Malonn Lévana

Francia, 2011 - 82 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS

* FESTIVAL BAFICI 2012: FIPRESCI, PREMIO DO PÚBLICO E MELLOR ACTRIZ (ZOÉ HÉRAN)

* FESTIVAL DE XIXÓN 2011: PREMIO DO PÚBLICO (SECCIÓN RELUMES)

* FESTIVAL DE BERLÍN 2011: PREMIO TEDDY DO XURADO

* FESTIVAL FRAMÉLINE SAN FRANCISCO 2011: PREMIO DO PÚBLICO

* FESTIVAL GAZE DUBLÍN 2011: PREMIO DO PÚBLICO

Tras instalarse coa súa familia nun barrio das aforas de París, Laure, unha nena de dez anos, aproveita o seu aspecto e o seu corte de pelo para facerse pasar por un neno. No seu papel de "Michael", verase inmersa en situacións comprometidas; e Lisa, unha moza do seu novo grupo de amigos, séntese atraída por ela.

Exposta como un agradable conto de verán, pero materializada cun prisma estético e cinematográfico propio dos irmáns Dardenne, a segunda película da francesa Céline Sciamma ten tanta sensibilidade para abordar o conflito de identidade sexual dunha nena de 10 anos como ambición para transcender ese punto de partida argumental.

"Tomboy" é unha sutil aproximación ao desconcerto que provoca vivir nun corpo equivocado, pero tamén é unha belísima reflexión sobre os arquetipos sociais e o propio descubrimento. Sciamma asina unha película que pode funcionar perfectamente como reverso íntimo e desdramatizado de "Boys Don't Cry" (Kimberly Peirce, 1999).

FOTOGRAMAS (****)

15, 16 e 17 de novembro de 2018

TOM OF FINLAND



Dirección: Dome Karukoski

Intérpretes: Pekka Strang e Lauri Tilkanen

Finlandia, 2017 - 116 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 16 ANOS

* FESTIVAL DE TRIBECA 2017: SECCIÓN OFICIAL LONGAMETRAJES INTERNACIONAIS

A película segue os pasos de Touko Laaksonen, figura pioneira da cultura gai, que sufriu a opresión e homofobia durante a súa mocidade. Volveu como heroe da Segunda Guerra Mundial, pero a vida en Finlandia en tempos de paz non foi como esperaba. Perseguido pola súa homosexualidade, viuse mergullado en relacións secretas e presionado para casar cunha muller. Atopou unha válvula de escape a través da súa arte, especialmente polos seus debuxos homoeróticos cun estilo marcado por musculosos corpos masculinos vestidos de coiro. A súa fama chegou a ser importante en Estados Unidos baixo o seu nome artístico, "Tom of Finland".

Os musculosos homes debuxados por "Tom of Finland" non só lle ofreceron á comunidade homosexual un máis que xeneroso estímulo para a masturbación, senón que tamén cambiaron a percepción que esa cultura tiña de si mesma: homosexualidade e efeminamento o deixaron de ser termos equivalentes grazas a unhas ilustracións que diluíron a fronteira entre pornografía e arte. Este biopic que empeza, coas súas escenas de cruising militar, como unha película de espías onde o segredo é o desexo homosexual, traça a traxectoria do artista con elegancia e respecto á convención: o seu discurso non é para iniciados, senón para todos, porque esta foi unha vida heroica, exemplar.

FOTOGRAMAS (****)

22, 23 e 24 de novembro de 2018

GOD'S OWN COUNTRY (TERRA DE DEUS)

Dirección: Francis Lee

Intérpretes: Josh O'Connor e Alec Secareanu

Reino Unido, 2017 - 100 min (VOS en castelán)

Formato: Blu-ray

NON RECOMENDADA PARA MENORES DE 12 ANOS

* PREMIOS BAFTA 2017: NOMEADA A MELLOR FILME BRITÁNICO

* FESTIVAL DE SUNDANCE 2017: MELLOR DIRECTOR - DRAMA (WORLD CINEMA)

* FESTIVAL DE SEVILLA 2017: SECCIÓN OFICIAL

* SATELLITE AWARDS 2017: PREMIO ESPECIAL (MELLOR FILME INDEPENDENTE)

* BRITISH INDEPENDENT FILM AWARDS (BIFA) 2017: 4 PREMIOS INCL. MELLOR

PELÍCULA. 11 NOM.

* FESTIVAL DE EDIMBURGO (EIFF) 2017: MELLOR FILME BRITÁNICO

Johnny Saxby é un novo granxeiro de Yorkshire que intenta evadirse dos seus problemas co alcol e o sexo. Cando chega ao pobo durante a primavera un inmigrante romanés para traballar na cría de ovellas, a súa visión da vida cambiará de forma radical.

A madurez que irradia esta ópera prima resulta non só persoal, íntima, que por suposto, senón tamén en gran medida creativa ou, por que non dicilo, cinéfila. A pesar de que, vía sinopse, o fácil é etiquetala como a resposta británica a "Brokeback Mountain", o certo é que "Terra de Deus", coa súa áspera e nada idealizada mirada á contorna campestre, exhibe un raizame moi distinto.

E é que o rugoso discurrir das súas imaxes acubilla nocións filmicas que se remontan ao Bresson de "Diario dun cura rural" (1951) e chegan ata o Bruno Dumont de "Hors Satan" (2011), xerminando recentemente nas illas mercé a talentos como Lynne Ramsay, Duane Hopkins ou Andrea Arnold. Cinema corporal, que respira espazos abertos e sabe a lodo, o debut de Francis Lee tamén ten algo de Thomas Hardy reinterpretado polo Stephen Frears de "A miña fermosa lavandería" (1985): A miña fea gandería....